



A primeira das citas tivo lugar no concello de Miño

Nova arquitectura portuaria: estética e funcionalidade

Portos de Galicia, reuniu aos principais representantes da obra civil de vangarda en dúas xornadas divulgativas celebradas en Miño e San Simón

Por **Alba Taladrid**

A fondar nunha nova filosofía construtiva que se converta en símbolo da obra civil portuaria do século XXI grazas á conxunción de estética e funcionalidade. Con este obxectivo último, Portos de Galicia vén de celebrar dous *Encontros de nova edificación e arquitectura portuaria*, nos que se deron cita os representantes da construción máis vangardista de Galicia.

Nomes tan reputados como o de César Portela, autor de obras emblemáticas como o Palacio de Congresos da Coruña e a rehabilitación do cine Fraga de Vigo, ou Juan Creus e Covadonga Carrasco, recentes gañadores do premio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, déronse cita nestas xornadas divulgativas que contaron coa presenza do presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, e representantes do ámbito empresarial, político e marítimo.

O primeiro dos encontros, centrado na enxeñería portuaria, celebrouse no centro social A Rúa, no concello coruñés de Miño.

Neste marco, os autores de salientadas edificacións portuarias da metade norte de Galicia deron a coñecer as claves do seu traballo e as motivacións construtivas. Así, os irmáns José Antonio e Arturo Franco Taboada, e Pablo Costa explicaron os proxectos de remodelación das fachadas marítimas de Camariñas e Pontedeume; Juan Creus e Covadonga Carrasco, o da beira este do porto de Malpica; Roberto Núñez e Martín Romero, o de ampliación de espazos de uso público en Miño; e Juan Antonio Rodríguez Pardo, o de ampliación de superficies portuarias do concello de Caión.

Un entorno privilexiado como a histórica Illa de San Simón, na Ría de Vigo, foi o escenario do segundo dos encontros, enfocado na arquitectura marítimo portuaria. Neste caso, foron protagonistas os proxectos ubicados na metade sur da costa galega. César Portela presentou a futura lonxa de Ribeira; Álvaro Romero, o deseño do novo do club de remo Amegrove; Gustavo Díaz, de Díaz y Díaz Arquitectos, os edificios náuticos de Portonovo e A Pobra; e José Santos, a futura estación marítima de Baiona.

As intervencións de cada un dos doce relatores puxeron de manifesto un cambio de perspectiva no modelo de actuación na nosa costa. Unha nova filosofía baseada na innovación,

“A vontade da Xunta é acadar un punto de equilibrio entre as necesidades portuarias e a estética”

Álvarez-Campana

na aplicación dos coñecementos técnicos de última xeración, no respecto medioambiental e na integración entre os portos e as vilas que os acollen.

Organizadores e convidados coincidiron na defensa dun novo modelo

“A arquitectura ten que cumprir unha función, porque non nos podemos permitir luxos parvos”

César Portela

de construción, aproveitando os avances tecnolóxicos e os novos coñecementos derivados da investigación, para crear infraestruturas polivalentes, sostibles e eficientes. Deste xeito, poderase dotar á costa galega de portos máis operativos e mellor aproveitados, que se convertan, tamén, nun valor engadido para as súas vilas e que respectan e poñen en valor o seu entorno.

O presidente de Portos de Galicia, que presidiu a apertura de ambos encontros, fixo fincapé na vontade da Xunta por “acadar un punto de equilibrio entre as necesidades portuarias e a estética”, e gabou o valor arquitectónico de proxectos como a lonxa de Ribeira, da que dixo se será coñecida como “a Catedral do Mar do Barbanza”.

José Manuel Álvarez-Campana referiuse, tamén, ao prometedor futuro

do sector da obra civil portuaria na nosa comunidade. Así, o máximo responsable de Portos asegurou que “os mellores exemplos do novo modelo construtivo na costa galega son os que están por vir, aqueles que comezan a xestarse agora co talento de arquitectos e enxeñeiros comprometidos”.

Aludiu tamén á posta en marcha de diversas actuacións que simbolizan xa esta nova política “acorde aos novos tempos, porque non podemos seguir construíndo como no século XIX”. Entre eles citou os casos dos proxectos para a lonxa de Ribeira, o club náutico de Portonovo, ou a nova lonxa de Cesantes, que “van dar valores estéticos e funcionais ao litoral”.

Pola súa banda, César Portela, que xogou un papel destacado na xornada celebrada en San Simón, dado que foi el mesmo o autor da rehabilitación

deste conxunto histórico e paisaxístico, afirmou que “a arquitectura portuaria ten que cumprir unha función, porque non nos podemos permitir luxos parvos. Primeiro hai que pensar en facer cousas útiles e, se ademais son bonitas, moito mellor”.

Entre os ponentes que se deron cita nos encontros atopábanse autores recoñecidos con galardóns nacionais e internacionais, como Portela ou Creus e Carrasco



Encontro celebrado na Illa de San Simón